



Poderías dicirme, por favor, que camiño debo seguir para saír de aquí? -Isto depende en gran parte do sitio ao que queiras chegar, dixo o Gato. Non me importa moito o sitio, respondeu Alicia. Daquela tampouco importa moito o camiño que tomes, contestoulle o Gato. Carrol, L. Alicia no país das marabillas.

TIL, PARA QUE?

Para que me servirá? Que problema me pode solucionar? En que mellorará a miña realidade? Interésame?

- Para mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado galego.
- Para dinamizar a planificación lingüística dos centros, o seu PLC (Proxecto Lingüístico de Centro).
- Para promover procesos de ensino e aprendizaxe de linguas baseados no enfoque comunicativo e nas competencias clave.
- Para facer máis atractiva a formación lingüística do alumnado galego.
- Para non repetir conceptos teóricos no ensino de diferentes linguas e para achegarnos ao feito lingüístico usando a mesma terminoloxía.
- Para desenvolver a competencia en comunicación lingüística en todas as materias do ensino obrigatorio.
- Para establecer canles para a normalización da lingua galega.
- Para mellorar a formación do profesorado con respecto ao plurilingüismo e valorar o enriquecemento que achega a diversidade lingüística.



TIL, QUE?

Entón, en que consiste? De que se trata?

Hai tres ideas que subxacen e sustentan esta proposta, son tres conceptos de grande importancia e interese no ámbito da didáctica das linguas:

- O concepto de competencia e, en particular, de **competencia en comunicación lingüística**.
- O **Marco Común de Referencia Europeo** para as linguas.
- O proceso de **normalización** e dinamización lingüística en Galicia.

O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL, 2001), único documento de referencia que compartimos en Europa a día de hoxe en relación ao ensino-aprendizaxe de linguas, define a competencia plurilingüe e pluricultural:

A competencia plurilingüe e multicultural fai referencia á capacidade de utilizar as linguas para fins comunicativos e de participar nunha relación intercultural na que unha persoa, en canto axente social, domina - con distinto grao - varias linguas e posúe experiencia de varias culturas. Isto non se contempla como a xustaposición ou superposición de competencias diferenciadas, senón como a existencia dunha competencia complexa, ou mesmo composta, que o usuario/a pode utilizar. (Consello de Europa, 2003, p. 183)

É no marco desta competencia plurilingüe e multicultural onde se sitúa esta proposta. Trátase, logo, de traballar máis aló dunha visión tradicional do ensino e aprendizaxe das linguas (no noso caso: lingua galega, lingua castelá e tamén linguas estranxeiras). Trátase de superar iniciativas departamentais, moitas veces independentes e de incitar **procesos de colaboración, de abordar o tratamento das linguas de xeito integrado, no eido dun ensino inspirado nas competencias clave**.

Existen varios referentes teóricos que avalan esta proposta, como o concepto de **Competencia subxacente común**, tirado dos traballos de J. Cummins nos anos 80, e de ampla aceptación na actualidade, que ademais inspiran as propostas do Marco.

MARCO CONCEPTUAL BÁSICO

TRATAMIENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)



Como o seu nome indica, esta competencia permite que calquera persoa asuma con facilidade habilidades, relacionadas coas estratexias comunicativas, que aplica a todas as linguas que aprende ou ás que está exposta. Así tamén, o plurilingüismo implica o aumento de posibilidades de desenvolvemento de todas as competencias, non só a de comunicación lingüística, e sobre todo o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender.

Galicia é unha comunidade especialmente indicada para innovar neste eido. Contamos -do mesmo xeito que outras comunidades do Estado- con dúas linguas cooficiais, así como linguas estranxeiras nos estudos non universitarios e un número crecente de linguas maternas diferentes no alumnado de diversa procedencia. Esta é riqueza lingüística precisa de iniciativas axeitadas que se deben organizar nun **marco específico, o Proxecto lingüístico de cada centro**.

Asistimos decote a un ensino das linguas esencialmente compartimentado, que non propicia a **competencia plurilingüe**, senón máis ben unha múltiple competencia monolingüe. Propicia, así mesmo, o descoñecemento do traballo que desenvolve outro profesorado de linguas, o que dá lugar a repeticións, redundancias, superposicións e mesmo confusións no alumnado. Esta forma de traballar pode revertirse para evitar a repetición de contidos ou actividades e ir cara ao aproveitamento do labor dos compañeiros e compañeiras na busca dunha colaboración máis enriquecedora para o alumnado. Máis aló de repartirse o horario, a cuestión é **integrar o tratamento, coordinarnos e compartir obxectivos, contidos, criterios de avaliación e - esencialmente - a metodoloxía no traballo das linguas**.



TIL, COMO?

Daquela, se é interesante e ademais comprensible, como se fai? Que teño que facer? Que pasos haberá que dar? Como se organiza?

Iniciar procesos de integración da didáctica das linguas supón asumir algúns conceptos clave:

- A ensinanza das linguas debe basearse no seu **uso social e nun enfoque comunicativo**. O contexto ideal para este enfoque son os proxectos interdisciplinares que impliquen prácticas comunicativas (escoitar, falar, ler e escribir sobre algo) en contextos diversos e con diversas finalidades.
- Ensinar linguas **non é tarefa exclusiva do profesorado das áreas lingüísticas**. Por exemplo, quen mellor que o profesorado de matemáticas para ofrecerlle ao alumnado estratexias para a comprensión de problemas desta área, xa que se trata dun tipo de texto moi específico.
- A aprendizaxe das linguas depende do desenvolvemento de **actitudes positivas cara ás linguas e os falantes**. A realidade plurilingüe dos nosos centros non é un problema, é unha oportunidade.
- A aprendizaxe das linguas medra apoiándose na lingua materna. **A cerna do plurilingüismo do noso alumnado é a nosa lingua: a lingua galega**. Todo o profesorado debe valorar e respectar cada un dos sistemas de comunicación que están presentes no centro e non lle transmitir prexuízos ao alumnado. Cantas máis linguas dominemos mellor.

Tendo coma base estas claves poderase compartir o deseño de **proxectos de comunicación significativos**, que fagan do texto, clasificado en diferentes tipos e xéneros textuais, a unidade comunicativa fundamental e que estruturen a aprendizaxe en secuencias didácticas orientadas ao logro dunha tarefa comunicativa concreta. Estas iniciativas resultarán máis interesantes na medida que incorporen **temáticas de áreas tamén non lingüísticas** e, por suposto, que contemplan a mediación das **tecnoloxías da información e da comunicación** no seu desenvolvemento.



CONCLUSIÓNS

- **TIL. Un medio. Non un fin en si mesmo.** Esta iniciativa **necesariamente debe incluír un grupo de profesores/as dun centro**. Profesores que non teñen que ser exclusivamente de ámbito lingüístico. É máis, resulta moito máis interesante a experiencia cando incorpora outras áreas e materias e a cuestión lingüística acada un segundo plano temático.
- **TIL. Das aulas ao PLC.** Esa debe ser a secuencia. O TIL empeza co deseño e posta en práctica de pequenos proxectos integrados. Esta experimentación, a reflexión sobre esta e a valoración da súa pertinencia constitúen os primeiros banzos da súa posible implantación.
- **O PLC, documento vivo.** O Proxecto lingüístico de centro debe responder a unha filosofía de centro, ser un documento accesible e de interese para todo o profesorado, así como unha **óptima ferramenta de traballo**, moi afastado do simple documento administrativo. Este proxecto, que debe recoller as propostas de traballo TIL, permitirá que o **alumnado goce máis do seu contacto coas linguas** e que perciba a necesidade de acadar un **dominio efectivo** en todas elas.
- **Procesos que vaian de abaixo arriba.** Debe ser o profesorado o que xere, en cada aula e en cada centro, as súas estratexias innovadoras coas súas especificidades locais. Isto, ao fin e ao cabo, a través das liñas de traballo que o enfoque comunicativo brinda, é o que o profesorado lle pide tamén ao seu alumnado.